

Fichas de gramática galega. A-2

Xavier Frías Conde



Determinantes (1)

O artigo definido.- Formas

| | Masculino | Feminino | Neutro |
|----------|-----------|-----------|----------|
| Singular | <i>o</i> | <i>a</i> | <i>o</i> |
| Plural | <i>os</i> | <i>as</i> | |

Artigo definido.- Asimilación (1)

- As formas do artigo definido asimilan na pronuncia cando a forma verbal precedente remata en:
 - /-r/
 - /-s/
- Na escrita non se reflicte actualmente esta asimilación, aínda que foi o normal até a reforma da actual normativa (2003).
- A pronuncia resulta así:
 - Sabes a verdade /'sabela ber'dade/
 - Debes pór a mesa /'debes 'pola 'mesa/

Artigo definido.- Asimilación (2)

- Tamén se produce a asimilación cando o artigo definido é precedido por outro tipo de palabras (cuantificadores, preposicións, pronomes e determinantes), cuxa lista é:
 - ***ambos, -as***: *ambos os días* /'ambolos 'días/
 - ***todo,-a, -os, -as***: *todas as noites* /'todalas nòjtes/
 - ***nós, vós***: *vós os tres* /'bòlos 'tres/
 - ***tras***: *tras a casa* /trala 'kasa/

O artigo definido.- Forma neutra

- En galego, como no resto de linguas iberorrománicas, o artigo neutro ten un uso pronominal, que pode ser resumido como segue:
 - Cun adxectivo adquirindo un valor nominal:
 - *O divertido da historia foi o final*
 - *Non me fales do imposíbel*
 - *Dinche todo o meu*
 - Cun relator (pronome relativo) cando non hai antecedente :
 - *Dime o que pensas*
 - *O Xoán gastou todo o que tiña*

Posesivos.- Formas

| | sing. | | plur. | |
|-----|-------------|-------------|--------------|--------------|
| | masc. | fem. | masc. | fem. |
| 1PS | <i>meu</i> | <i>miña</i> | <i>meus</i> | <i>miñas</i> |
| 2PS | <i>teu</i> | <i>túa</i> | <i>teus</i> | <i>túas</i> |
| 3PS | <i>seu</i> | <i>súa</i> | <i>seus</i> | <i>súas</i> |
| 1PP | <i>noso</i> | <i>nosa</i> | <i>nosos</i> | <i>nosas</i> |
| 2PP | <i>voso</i> | <i>vosa</i> | <i>vosos</i> | <i>vosas</i> |
| 3PP | <i>seu</i> | <i>súa</i> | <i>seus</i> | <i>súas</i> |

Artigo indefinido.- Formas

| | sing. | plur. |
|-----------|-------------|--------------|
| masculino | <i>un</i> | <i>uns</i> |
| feminino | <i>unha</i> | <i>unhas</i> |

Artigo indefinido.- Trazos

- As formas de plural (*uns, unhas*) teñen un valor de imprecisión, lixeiramente diferente das formas de singular.
 - *Había uns bloques de pedra diante da porta.*
- De feito, pode ser suprimido en moitos casos:
 - *Había bloques de pedra diante da porta.*

Posesivos.- Uso co artigo (1)

- Os posesivos adoitan ir acompañados polo artigo definido.
- Deste xeito, o paradigma anterior debería ser feito con eles:

| | sing. | | plur. | |
|-----|---------------|---------------|-----------------|-----------------|
| | masc. | fem. | masc. | fem. |
| 1PS | <i>o meu</i> | <i>a miña</i> | <i>os meus</i> | <i>as miñas</i> |
| 2PS | <i>o teu</i> | <i>a túa</i> | <i>os teus</i> | <i>as túas</i> |
| 3PS | <i>o seu</i> | <i>a súa</i> | <i>os seus</i> | <i>as súas</i> |
| 1PP | <i>o noso</i> | <i>a nosa</i> | <i>os nosos</i> | <i>as nosas</i> |
| 2PP | <i>o voso</i> | <i>a vosa</i> | <i>os vosos</i> | <i>as vosas</i> |
| 3PP | <i>o seu</i> | <i>a súa</i> | <i>os seus</i> | <i>as súas</i> |

Posesivos.- Uso co artigo (2)

- Tanto o artigo como o posesivo deben manter a concordancia co nome que acompañan:
 - *Os meus libros están no cuarto*
 - *Non me fales das túas traxedias*
- O artigo, cando o posesivo acompaña nomes de parentesco directo, adoita ser omitido:
 - *Meu pai é de Vigo (ou: o meu pai...)*
 - *Falei con túa irmá (ou: coa túa irmá)*

Posesivos.- Uso pronominal

- Os posesivos son tamén empregados predicativamente:
 - *Esas cartas son miñas*
- Con todo, é abondo normal que o pronome vaia acompañado de artigo:
 - *Esas cartas son as miñas* (as cartas xa eran coñecidas)
 - *Esas cartas son miñas* (as cartas non eran coñecidas)
- Con verbos diferentes do copulativo, o artigo está normalmente presente:
 - *Cada neno ten o seu*
 - *Xa vimos os nosos*

Demostrativos.- Formas

| | singular | | | plural | |
|-----|--------------|---------------|---------------|----------------|----------------|
| | masc. | fem. | neut. | masc. | fem. |
| I | <i>este</i> | <i>esta</i> | <i>isto</i> | <i>estes</i> | <i>estas</i> |
| II | <i>ese</i> | <i>esa</i> | <i>iso</i> | <i>eses</i> | <i>esas</i> |
| III | <i>aquel</i> | <i>aquela</i> | <i>aquilo</i> | <i>aqueles</i> | <i>aquelas</i> |

Demostrativos.- Trazos

- Os demostrativos poden combinarse con posesivos:
 - *Ese teu libro é unha marabilla (ou: ese libro teu...)*
- As formas neutras (*isto, iso, aquilo*) funcionan pronominalmente, non acompañan a ningún nome.
 - *Iso é unha estupidez.*
 - *Non ten moito sentido isto.*
 - *Móstrame aquilo, fai o favor.*

Contraccións dos determinantes

- Os determinantes poden contraer coas preposicións e outras partículas. Estas son as combinacións:

| | <i>o</i> | <i>a</i> | <i>un</i> | <i>unha</i> | <i>este</i> | <i>ese</i> | <i>aquel</i> |
|------------|-------------|-------------|------------|--------------|--------------|-------------|---------------|
| <i>a</i> | <i>ao</i> | <i>á</i> | | | | | |
| <i>con</i> | <i>co</i> | <i>coa</i> | <i>cun</i> | <i>cunha</i> | | | |
| <i>de</i> | <i>do</i> | <i>da</i> | <i>dun</i> | <i>dunha</i> | <i>deste</i> | <i>dese</i> | <i>daquel</i> |
| <i>en</i> | <i>no</i> | <i>na</i> | <i>nun</i> | <i>nunha</i> | <i>neste</i> | <i>nese</i> | <i>naquel</i> |
| <i>por</i> | <i>polo</i> | <i>pola</i> | | | | | |
| <i>ca</i> | <i>có</i> | <i>cá</i> | | | | | |

A forma **ca** é a segunda forma do comparativo, tamén existente como **que**.

Contraccións dos cuantificadores

| | <i>outro</i> | <i>outra</i> | <i>algún</i> | <i>algunha</i> |
|-----------|---------------|---------------|---------------|-----------------|
| <i>de</i> | <i>doutro</i> | <i>doutra</i> | <i>dalgún</i> | <i>dalgunha</i> |
| <i>en</i> | <i>noutro</i> | <i>noutra</i> | <i>nalgún</i> | <i>nalgunha</i> |

Determinantes (2)

Numerais ordinais 1-10

- Numerais até o 1o. Obsérvese que os dous primeiros admitem formas duplas de masculino e feminino:

1. Un, unha
2. Dous, dúas
3. Tres
4. Catro
5. Cinco
6. Seis
7. Sete
8. Oito
9. Nove
10. Dez

Numerais ordinais 11-20

- Numerais até do 11 até o 20.

11. Once
12. Doce
13. Trece
14. Catorce
15. Quince
16. Dezaseis
17. Dezasete
18. Dezoito
19. Dezanove
20. Vinte

Numerais ordinais 21- 1.000

| | |
|--------------------------------|----------------------------------|
| 21 vinte e un/unha | 400 catrocentos/as |
| 22 vinte e dous/dúas | 500 cincocentos/as |
| 23 vinte e tres | 600 seiscentos/as |
| 30 trinta | 700 setecentos/as |
| 31 trinta e un/unha | 800 oitocentos/as |
| 40 corenta | 900 novecentos/as |
| 50 cincuenta | 998 novecentos noventa e oito |
| 60 sesenta | 999 novecentos noventa e nove |
| 70 setenta | 1000 mil |
| 80 oitenta | |
| 90 noventa | |
| 99 noventa e nove | |
| 100 cen | |
| 200 douscentos / duascentas | |
| 300 trescentos/as | |

Numerais cardinais 1-10

- Non se usan moi frecuentemente en galego, agás os 10 primeiros:

1. *Primeiro/a*

2. *Segundo/a*

3. *Terceiro/a*

4. *Cuarto/a*

5. *Quinto/a*

6. *Sexto/a*

7. *Sétimo/a*

8. *Oitavo/a*

9. *Noveno/a, nono/a*

10. *Décimo/a*

É moi frecuente, a partir destes numerais, empregar os ordinais:

- *O século XX* = o século vinte
- *Lois XIV* = Lois catorce

Multiplicativos

- Entre os principais figuran:
 - *Duplo/a* xunto con *dobre* (invariábel)
 - *Triplo/a*
 - *Cuádruplo/a*
 - *Quíntuplo/a*
 - *Séxtuplo/a*
 - *Séptuplo/a*
 - *Óctuplo/a*
 - etc

Partitivos

- Entre os principais figuran:
 - *Medio/a*
 - *Terzo/a*
 - *Cuarto/a*

Xa o resto son coma os ordinais.

Xeneralidades dos cuantificadores

- Os cuantificadores poden ser tanto determinantes (acompañan un nome) ou pronomes (van sós) nos máis dos casos,
 - mais existen algúns que son só pronomes (ou adverbios) e outros que son tanto determinantes coma pronomes;
 - Os primeiros son invariábeis e os segundos son variábeis.

Lista de cuantificadores (1)

| Forma | Uso determinante | Uso pronominal |
|---|------------------|----------------|
| <i>Abondo, -a, -os, -as</i> | + | + |
| <i>Algo</i> | - | + |
| <i>Alguén</i> | - | + |
| <i>Algún, algunha, algúns, algunhas</i> | + | + |
| <i>Ambos, -as</i> | + | + |
| <i>Cada</i> | + | - |
| <i>Cadaquén</i> | - | + |
| <i>Calquera</i> | + | + |
| <i>Certo, -a, -os, -as</i> | + | - |
| <i>Demasiado, -a, -os, -as</i> | + | + |

Lista de cuantificadores (2)

| Forma | Uso determinante | Uso pronominal |
|---|------------------|----------------|
| <i>Moito, -a, -os, -as</i> | + | + |
| <i>Ningún, ningunha, ningúns, ningunhas</i> | + | + |
| <i>Ninguén</i> | - | + |
| <i>Os demais, as demais</i> | + | + |
| <i>Outro, -a, -os, -as</i> | + | + |
| <i>Tal, tales</i> | + | - |
| <i>Tanto, -a, -os, -as</i> | + | + |
| <i>Todo, -a, -os, -as</i> | + | + |
| <i>Uns cantos, unhas cantas</i> | + | + |
| <i>Varios, -as</i> | + | + |

Especificidades dos cuantificadores

- Hai varios deles que só se usan en plural: *varios/as; uns cantos / unhas cantas; ambos/as*.
- **Abondo**: normalmente en plural úsase a forma invariábel **dabondo** posposta:
 - *Teño amigos dabondo.*
- **Ambos**: cando se usa coma determinante vai sempre seguido do artigo definido; en troques, cando é pronome, non.
 - *Ambas as irmás foron á mesma escola.*
- **Calquera**: úsase só en singular:
 - *Calquera persoa que diga iso é mentireira.*
- **Ningún**: normalmente non se usan as formas en plural, que tenden a ser substituídas polas formas en singular, pondo tamén o nome en singular.

Interrogativos.- Formas

| MSG | FSG | MPL | FPL |
|--------------|--------------|---------------|---------------|
| <i>quen</i> | | | |
| <i>que</i> | | | |
| <i>onde</i> | | | |
| <i>como</i> | | | |
| <i>cando</i> | | | |
| <i>canto</i> | <i>canta</i> | <i>cantos</i> | <i>cantas</i> |
| <i>cal</i> | | <i>cales</i> | |

Interrogativos.- Usos

- **Quen**: en galego só se usa en singular, non ten forma plural.
 - *Quen rompeu ese vaso?*
- **Que**: pódese combinar con preposicións: *por que, con que, de que, para que, etc.*
 - *Por que estás triste?*
 - *De que te queixas?*

Formación de género e número

Formación do feminino(1)

- A marca típica do feminino é a vogal –a, mais non sempre é así.
- As regras a aplicar son as seguintes:
 - Despois de consoante (excepto /n/): + /-a/:
 - *doutor > doutora*
 - *sabedor > sabedora*
 - *portugués > portuguesa*
 - *xuíz > xuíza*
 - Con todo, hai excepcións, pois nomeadamente para profesións non hai mudanzas:
 - *o fiscal > a fiscal*

Formación do feminino

(2)

- Cando o lexema remata en /-n/, poden darse dous casos:
 - que haxa unha mudanza completa da terminación:
 - -án > -á : *alemán* > *alemá*; *catalán* > *catalá*; *afgán* > *afgá*; *irmán* > *irmá*, *chan* > *chá* (excepto cando é desprezativo: *folgazán* > *folgazana*)
 - -ón > -oa : *león* > *leoa*, (excepto cando é desprezativo: *lambón* > *lambona*)
 - -ún > -úa : *vacún* > *vacúa* (mais *común* é invariábel)
 - a terminación –ín é xeralmente invariábel:
 - *ruín* (en certas variantes, nomeadamente orientais, existe *ruíña*)
 - é irregular: *bo* > *boa*
- Nos máis dos casos, múdanse as vogais –e e –o en –a:
 - *mestre* > *mestra*
 - *xefe* > *xefa*
 - *caro* > *cara*
 - *alto* > *alta*

Formación do feminino (3)

- Xeralmente, os adxectivos rematados en –e fican invariábeis:
 - *importante, grande...*
- Igualmente son invariábeis os adxectivos rematados en –ble / -bel, e en xeral en /l/:
 - *responsábel, posíbel, fácil,*
- E moitos en –a (trátase de lexemas que poden ser tanto nomes como adxectivos):
 - *artista, socialista...*

Formación do feminino

(4)

- Existen casos en que a formación do feminino se realiza ora por varianzas nas terminación do lexema masculino, ora pola introdución dun lexema completamente diferente.
- Algúns dos casos de mudanza da terminación son:
 - *rei* > *raíña*
 - *duque* > *duquesa* (e con *-esa* atopamos:
 - tigre* > *tigresa*,
 - príncipe* > *princesa*,
 - conde* > *condesa*...)
 - *galo* > *galiña*
- Algúns dos que presentan mudanza de lexema:
 - *home* > *muller*
 - *touro* > *vaca*
 - *carneiro* > *ovella*
 - *castrón* > *ovella*
 - *abázcaro* > *abella*
 - *can* > *cadela*

Formación do plural (1)

- A marca de plural é –s.
- Cando a palabra remata en vogal, simplemente engádese –s:
 - *casa* > *casas*, *home* > *homes*, *louco* > *loucos*, *sofá* > *sofás*...
- Cando a palabra remata en consoante que non sexa –n ou –l, xeralmente tómase o alomorfo –es:
 - *cráter* > *cráteres*; *francés* > *franceses*...
- Cando remata en –n , simplemente engádese –s como no caso das vogais:
 - *acción* > *accións*, *canon* > *canons*, *ben* > *bens*, *común* > *comúns*

Formación do plural (2)

- Cando o lexema remata en –l, hai dous casos, a depender de se a sílaba final é tónica ou átona:
 1. Con sílaba tónica, tómase a terminación –is:
 - *animal > animais, papel > papeis; fusil > fusís; español > españois...*
 2. Con sílaba átona, compórtase como as rematadas en consoante:
 - *fácil > fáciles, difícil > difíciles; túnel > túneles...*
 - Unha excepción disto son as terminacións –*ábel* e –*íbel*, que se comportan como no primeiro caso:
 - *amábel > amábeis; posíbel > posíbeis*
 3. Os monosílabos engaden –es:
 - *Tales, cales, vales, foles* (e o seu derivado *cartafoles*)

Formación do plural (3)

- Hai unha serie de casos especiais:
 - *lapis* é invariábel en singular e plural
 - os días da semana, na súa forma “pagá” (*luns, martes, mércores*) son tamén invariábeis, mais non nas formas “cristiás” (*segunda feira > segundas feiras*)

Cuestións concernentes ao xénero (1)

- A seguir, ofrecemos unha serie de nomes que presentan complicacións á hora de lles ser asignado o seu xénero no confronto con outras linguas románicas.
- Son **masculinos** os seguintes nomes:

Costume, leite, ponte, calor, sangue, labor,

- Son **femininos** os seguintes nomes:

*Fin (conclusión, pois o fin = o obxectivo),
síndrome, orixe, dor, cor,*

Cuestións concernentes ao xénero (2)

- Tamén son femininas as palabras rematadas en
- *-axe*:
 - *roupaxe, friaxe, estiaxe, viaxe, bricolaxe*, excepto *paxe, personaxe* e mais *garaxe*.
- *-se /-te* de orixe grega:
 - *análise, tese, paréntese, parálise, mastite* etc.
Unha excepción: *oasis*

Morfología pronominal

Paradigma das formas tónicas

| | Forma suxeito | Forma obxecto |
|-----------------|-----------------|---------------|
| 1PS | <i>eu</i> | <i>min</i> |
| 2PS | <i>ti</i> | <i>ti</i> |
| 3 PSM | <i>el</i> | |
| 3PSF | <i>ela</i> | |
| 3PS cortesía | <i>vostede</i> | |
| 1PP | <i>nós</i> | |
| 2PP | <i>vós</i> | |
| 3PPM | <i>eles</i> | |
| 3PPF | <i>elas</i> | |
| 3PP cortesía | <i>vostedes</i> | |

Características das formas tónicas

- As formas de suxeito úsanse, como indica o seu nome, en función de suxeito.
- Xeralmente son omitidas, como no resto de linguas iberorrománicas.
 - *Falei con el* (→ *eu*)
 - *Temos sorte* (→ *nós*)
- As formas obxecto úsanse sempre cunha preposición, por tanto, cando non son suxeito.
- Como se ve no cadro anterior, as formas obxecto son diferentes na 1PS e na 2PS. No resto, son iguais ca as de suxeito.

Paradigma das formas átonas

- As formas átonas son tamén chamadas *clíticos*
- A forma de cortesía *vostede(s)* usa os clíticos de 3P

| | Acusativo | Reflexivo | Dativo |
|------|-------------------|-----------|-------------|
| 1PS | | <i>me</i> | |
| 2PS | <i>te</i> | | <i>che</i> |
| 3PSM | <i>o/lo/no</i> | <i>se</i> | <i>lle</i> |
| 3PSF | <i>a/la/na</i> | <i>se</i> | <i>lle</i> |
| 1PP | <i>nos</i> | | |
| 2PP | <i>vos</i> | | |
| 3PPM | <i>os/los/nos</i> | <i>se</i> | <i>lles</i> |
| 3PPF | <i>as/las/nas</i> | <i>se</i> | <i>lles</i> |

Contraccións de clíticos (1)

- Os clíticos contráense segundo este cadro:

| | <i>o</i> | <i>a</i> | <i>Os</i> | <i>as</i> |
|-------------|--------------|--------------|---------------|---------------|
| <i>me</i> | <i>mo</i> | <i>ma</i> | <i>mos</i> | <i>mas</i> |
| <i>che</i> | <i>cho</i> | <i>cha</i> | <i>chos</i> | <i>chas</i> |
| <i>lle</i> | <i>llo</i> | <i>lla</i> | <i>llos</i> | <i>llas</i> |
| <i>nos</i> | <i>nolo</i> | <i>nola</i> | <i>nolo</i> | <i>nola</i> |
| <i>vos</i> | <i>volo</i> | <i>vola</i> | <i>volos</i> | <i>volas</i> |
| <i>lles</i> | <i>llelo</i> | <i>llela</i> | <i>llelos</i> | <i>llelas</i> |

Contraccións de clíticos

(2)

- A contracción de clíticos responde ao encontro dun clítico de obxecto directo con outro de obxecto indirecto:
 - *María deu a Lois un libro → María deullo.*
- Atención á diferenza entre clítico de 3PS e 3PP:
 - SG + SG: *Trouxen un catálogo para el/ela → Tróuxenllo.*
 - SG + PL: *Trouxen un catálogo para el/elas → Tróuxenllelo.*
 - PL + SG: *Trouxen uns catálogos para el/ela → Tróuxenllos.*
 - PL + PL: *Trouxen uns catálogos para eles/as → Tróuxenllelos.*

Énclise dos clíticos con formas finitas

- A posición *natural* dos clíticos é a **énclise** (de detrás do verbo):
 - *Vinte na praia.*
 - *Vouche explicar iso* (tamén: *vou explicarche iso*).
 - *Iso mercáronmo hai dous días.*
- Para os efectos da acentuación, o clítico funciona coma unha parte do verbo:
 - *Entendo, mais enténdoo.*

Próclise dos clíticos con formas finitas (1)

- Porén a **próclise** (diante do verbo) prodúcese en determinadas circunstancias:
 - Coas formas negativas introducidas por **non**, **nunca**, **nin**:
 - Non **o** sei ben
 - Nunca **mo** presentaron
 - Nin **nolo** menciones.
 - Con certos adverbios como só (con valor enfático), **xa**, **tamén**, **si**, etc.
 - Xa **vos** espero na esquina.
 - Só **me** dixo iso.
 - Os nenos tamén **se** divirten así.
 - A xente si **o** acredita.

Próclise dos clíticos con formas finitas (2)

- En todas as cláusulas dependentes introducidas cunha conxunción (*que, como, se, mentres, porque, etc*).
 - *Dixo que **me** esperaba na estación*
 - *Mentres **nos** esperabas, podías ler o xornal.*
 - *Explicounos como **lle** roubaran a carteira.*

De te e che

- *Te* indica obxecto directo e formas reflexivas:
 - *Laváche**te**?*
 - *Xa **te** vin*
- *Che* indica obxecto indirecto e evítase nas formas reflexivas:
 - *Tróuxen**che** un recordo das Canarias.*
 - *Sempre **che** contaban cousas así?*
- Non se usa nas formas reflexivas:
 - *Non lavaches a cara? (en vez de *non che lavaches a cara?)*
- É tamén a forma propia do chamado dativo de solidariedade:
 - *Iso é**che** un misterio.*

Alomorfos da terceira persoa

- Os pronomes de obxecto directo da 3P presentan tres formas: *o/a*, *-no/na*, *-lo/la* (cos seus plurais).
- Cada unha delas responde a un contexto fónico distinto.
 - *o/a* úsase como proclítico e como enclítico tras vogal (non ditongo) e nasal.
 - *Non o sei*
 - *Enténdoa*
 - *Coñécenos ben* (coñecen a eles, diferente de *coñécennos ben*, coñecen a nós)
 - *no/na* é sempre enclítico detrás dun ditongo:
 - *Explicouno ben claro*
 - *Espereinas toda a tarde*
 - *lo/la* úsase detrás de /r/ ou /s/, que desaparecen;
 - *Entender o > entendelo*
 - *O galego falas o ben > O galego fálalo ben.*

Conxugación cun clítico de 3P

- Á vista da ficha anterior, a conxugación resultaría:

| Pres. Ind. | Copret. | Pret. | Fut. |
|------------------|--------------------|-------------------|--------------------|
| <i>cántoo</i> | <i>cantábao</i> | <i>canteino</i> | <i>cantareino</i> |
| <i>cántalo</i> | <i>cantábalo</i> | <i>cantáchelo</i> | <i>cantaralo</i> |
| <i>cántao</i> | <i>cantábao</i> | <i>cantouno</i> | <i>cantarao</i> |
| <i>cantámolo</i> | <i>cantabámolo</i> | <i>cantámolo</i> | <i>cantarémolo</i> |
| <i>cantádelo</i> | <i>cantabádelo</i> | <i>cantástelo</i> | <i>cantarédelo</i> |
| <i>cántano</i> | <i>cantábano</i> | <i>cantárono</i> | <i>cantarano</i> |

Os clíticos con formas non finitas

- En galego, o clítico xeralmente vai tras o infinitivo ou xerundio:
 - *Verte así non me gusta*
 - *Dicíndome as cousas así, non te entendo.*
- Porén, o infinitivo ou o xerundio aceptan a énclise en varios casos:
 - cunha preposición
 - *Xa son horas de te visitar (ou ... de visitarte)*
 - *En me dicindo isto, xa non che creo máis (ou en dicíndome isto...)*
 - cunha negación
 - *Éche mellor non o entender (ou: ... non entendelo)*
 - cunha conxunción
 - *Tes que nolo explicar máis amodo (ou ... que explicárnolo...)*

Conxugación pronominal

chamarse

chámome

chámaste

chámase

chamámonos

chamádevos

chámanse

Negación, interrogación e outros fenómenos

Negación absoluta

- A negación absoluta realízase con *non* (unha ***proforma***):
 - A: *Queres un anaco de pan?*
 - B: *Non.*
- Existen outras fórmulas semellantes, mais sempre cun valor absoluto:
 - *Para nada*
 - *En absoluto*
- E mesmo *non* pode ir matizado:
 - *Máis ben non*
 - *Pois non.*

Negación parcial

- Basta usar *non*, que é átono (á diferenza do *non* absoluto, que é tónico):
 - *'Non* || *a 'xente | non me 'dixo | 'nada*
- Xeralmente acompaña o verbo:
 - *Non sei nada diso*
 - *Non me esperes até mañá*
- Cando hai un auxiliar, este leva a negación:
 - *Non teño que me erguer cedo hoxe.*
 - *Non puiden chamalo onte.*
 - *Non estamos a facer os cálculos correctamente.*
- O galego admite a dupla negación (que é opcional)
 - *Tampouco [non] é tan interesante.*
 - *Ninguén [non] mo explicou*

Máis construcións negativas

- Certos elementos funcionais (preposicións, adverbios, conxuncións...) teñen un valor negativo:
 - **Nin:**
 - *A xente nin soubo o que acontecía.*
 - **Tampouco**
 - *Eu non entendo tampouco esa actitude.*
 - **Sen**
 - *Marchou sen falar.*

Afirmación absoluta

- Pódese realizar en galego de dúas maneiras:
 - Respondendo con *si* (ou outras proformas semellantes)
 - A: *Estás preocupado?*
 - B: *Si / Claro / Evidentemente / Pois si / Mais ben si / Pois é.*
 - Respondendo co mesmo verbo con que se pregunta:
 - A: *Queres un café?*
 - B: *Quero.*

 - A: *O neno sabe xa nadar?*
 - B: *Sabe.*

Afirmación parcial

- Serve máis ca nada para enfatizar.
- Acompaña o verbo.
- Obsérvese a diferenza:
 - *Eu teño fame* → [– enfático]
 - *Eu **si (que)** teño fame* → [+ enfático]

Preguntas pechadas

- As **preguntas pechadas** son aquelas en que se procura unha resposta *si/non* (aínda que poden darse outras como: *non sei, é posíbel, pode ser*, etc).
- En galego, para realizar unha pregunta abonda con usar unha entoación ascendente ao final da frase.

— *Tes fame* (aseveración)

— *Tes fame?* (pregunta)

- Márcase cun signo interrogativo ao final do período escrito <?>
- Existen algúns reforzos para estas preguntas
 - ***Seica*** sabes onde están as chaves?
 - ***É que*** xa son as oito?

Preguntas abertas

- As **preguntas abertas** son aquelas en que se procura calquera resposta
- Realízanse mediante o uso dos pronomes interrogativos

Comparación e cuantificación

Comparación dos adxectivos (1)

- Inferioridade:

menos + ADX+ que/ca

- Igualdade

tan+ ADX+ como/coma

- Superioridade

máis+ ADX+ que/ca

Comparación dos adxectivos (2)

- Inferioridade:
 - *Alicia é **menos** rápida **ca** Clara.*
- Igualdade
 - *Alicia é **tan** rápida **coma** Clara*
- Superioridade
 - *Alicia é **máis** rápida **ca** Clara*

Notas sobre a comparación

- As formas *ca / que* introducen a segunda parte.
 - *Ca* pódese usar en todos os contextos, pero é sempre obrigatoria cando se trate dun pronome persoal:
 - *Máis ADX ca min/ti/ el/ nós*
 - *Que* pódese usar no resto dos casos, excepto cando vai seguido dun pronome persoal
- O mesmo serve para *coma/como*.
- A comparación de adverbios é igual ca a comparación de adxectivos, coa diferenza de que os adverbios son invariábeis:
 - *Xoán fala máis de présa ca Pedro*
 - *Xoán fala tan de présa coma Pedro*
 - *Xoán fala menos de présa ca Pedro.*

Comparación dos nomes(1)

- Inferioridade:

menos + NOME + que/ca

- Igualdade

*Tanto,-a, -os, -as+ NOME+
como/coma*

- Superioridade

máis+ NOME+ que/ca

Comparación dos nomes(2)

- Inferioridade:
 - *Alicia ten **menos** diñeiro **ca** Clara.*
- Igualdade
 - *Alicia ten **tanto** diñeiro **coma** Clara*
- Superioridade
 - *Alicia ten **máis** diñeiro **ca** Clara*

Notas sobre a comparación

- As formas *ca / que* introducen a segunda parte.
 - *Ca* pódese usar en todos os contextos, pero é sempre obrigatoria cando se trate dun pronome persoal:
 - *Máis ADX/NOM ca min/ti/ el/ nós*
 - *Que* pódese usar no resto dos casos, excepto cando vai seguido dun pronome persoal
- O mesmo serve para *coma/como*.
- A comparación de adverbios é igual ca a comparación de adxectivos, coa diferenza de que os adverbios son invariábeis:
 - *Xoán fala máis de présa ca Pedro*
 - *Xoán fala tan de présa coma Pedro*
 - *Xoán fala menos de présa ca Pedro.*

Cuantificadores de adxectivos e adverbios (1)

- O cuantificador máis común é **moi**
 - Con adxectivos:
 - *A xente é moi hospitalaria por aquí*
 - Con adverbios:
 - *Hoxe chegaron moi cedo.*
- Tamén son normais (cun valor igual ou equivalente a **moi**):
 - **Ben**:
 - *A xente é ben hospitalaria por aquí*
 - *Hoxe chegaron ben cedo.*
 - **Dabondo**, que sempre vai posposto. Pero se se pon diante, entón é **abondo**
 - *Chegou tarde dabondo*
 - *Chegou abondo tarde*

Cuantificadores de adxectivos e adverbios (2)

- Para indicar exceso:
 - **Demasiado**
 - *Es demasiado inxenuo*
 - **De máis**, tamén posposto
 - *É unha persoa simple de máis*
- Para indicar falta
 - **Un pouco**: con equivalentes como **un chisco**, **un bocadiño**, **un anaco**, etc.
 - *Este home é un pouco avaro, non si?*
- Para indicar moito
- Para indicar pouco
 - **Pouco**:
 - *Este autobús éche pouco rápido.*

Cuantificadores de nomes

- De gran cantidade:
 - **Moito**
 - *Hoxe teño moitas cousas na cabeza.*
 - **Abondo**
 - *Onte trouxéronme abonda comida para toda a semana.*
- De exceso:
 - **Demasiado**
 - *Pasáronme demasiadas cousas hoxe*
 - **De máis** (invariábel e posposto)
 - *Cando saín da casa tiña diñeiro de máis, mais agora non teño nada.*
- De falta:
 - **Pouco**
 - *Teño pouco tempo hoxe.*
- Con valor partitivo
 - **Un pouco/chisco/anaco de, algo de**
 - *Queres un pouco de torta?*

Paradigmas verbais

1ª conx. reg. *cantar*

| Indicativo | | | |
|--|--|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>canto cantas canta cantamos cantades cantan</i> | <i>cantei cantaches cantou cantamos cantastes cantaron</i> | <i>cantaba cantabas cantaba cantabamos cantabades cantaban</i> | <i>cantarei cantarás cantará cantaremos cantaredes cantarán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>canta cantade</i> | <i>cante cantes cante cantemos cantedes canten</i> | <i>cantando</i> | <i>cantado</i> |

Observese onde o copreterito ten o acento na 1PP e na 2PP:
cantabamos e cantabades.

1ª conx. reflexiva *lavarse*

| Indicativo | | | |
|---|--|---|--|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>lávome</i> <i>lávaste</i> <i>lávase</i> <i>lavámonos</i> <i>lavádesvos</i> <i>lávanse</i> | <i>laveime</i> <i>lavácheste</i> <i>lavouse</i> <i>lavámonos</i> <i>lavástesvos</i> <i>laváronse</i> | <i>lavábame</i> <i>lavábaste</i> <i>lavábase</i> <i>lavabámonos</i> <i>lavabádesvos</i> <i>lavábanse</i> | <i>lavareime</i> <i>lavaraste</i> <i>lavarase</i> <i>lavarémonos</i> <i>lavarédesvos</i> <i>lavaranse</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>lávate</i> <i>lavádevos</i> | <i>que me lave</i> <i>que te laves</i> <i>que se lave</i> <i>que nos lavemos</i> <i>que vos lavedes</i> <i>que se laven</i> | <i>lavándose</i> | <i>lavado</i> |

2ª conx. reg. *beber*

| Indicativo | | | |
|----------------|-----------------|---------------------|------------------|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>bebo</i> | <i>bebín</i> | <i>bebía</i> | <i>beberei</i> |
| <i>bebes</i> | <i>bebiches</i> | <i>bebías</i> | <i>beberás</i> |
| <i>bebe</i> | <i>bebeu</i> | <i>bebía</i> | <i>beberá</i> |
| <i>bebemos</i> | <i>bebemos</i> | <i>bebiamos</i> | <i>beberemos</i> |
| <i>bebedes</i> | <i>bebestes</i> | <i>bebiades</i> | <i>beberedes</i> |
| <i>beben</i> | <i>beberon</i> | <i>bebían</i> | <i>beberán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>bebe</i> | <i>beba</i> | <i>bebendo</i> | <i>bebido</i> |
| | <i>bebas</i> | | |
| | <i>beba</i> | | |
| | <i>bebamos</i> | | |
| <i>bebede</i> | <i>bebades</i> | | |
| | <i>beban</i> | | |

Observese onde o copreterito ten o acento na 1PP e na 2PP: **bebigmos** e **bebigades**. Alen diso, a diferenza entre o presente **bebemos** e o preterito **bebemos** esta na apertura da vogal. No primeiro caso e [e], mentres no segundo e [ɛ]

2ª conx. reflexiva *erguerse*

| Indicativo | | | |
|--|--|---|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>érgome érgueste érguese erguémonos erguédesvos érguense</i> | <i>erguinme erguícheste ergueuse erguémonos erguédesvos erguéronse</i> | <i>erguíame erguíaste erguíase erguíámonos erguíádesvos erguíanse</i> | <i>erguereime ergueraste ergueranse erguerémonos erguerédesvos ergueranse</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>érguete erguédevos</i> | <i>que me erga que te ergas que se erga que nos ergamos que vos ergades que se ergan</i> | <i>erguéndose</i> | <i>erguido / ergueito</i> |

3ª conx. reg. *partir*

| Indicativo | | | |
|--|--|---|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>parto partes parte partimos partides parten</i> | <i>partín partiches partiu partimos partistes partiron</i> | <i>partía partías partía partiamos partiades parten</i> | <i>partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>parte partide</i> | <i>parta partas parta partamos partades partan</i> | <i>partindo</i> | <i>partido</i> |

Observese onde o copreterito ten o acento na 1PP e na 2PP: ***partiamos*** e ***partiades***.

3ª conx. reflexiva *vestirse*

| Indicativo | | | |
|---|--|---|--|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>vístome</i> <i>vísteste</i> <i>vístese</i> <i>vestímonos</i> <i>vestídesvos</i> <i>vístense</i> | <i>vestinme</i> <i>vestícheeste</i> <i>vestiuse</i> <i>vestímonos</i> <i>vestístesvos</i> <i>vestíronse</i> | <i>vestíame</i> <i>vestíaste</i> <i>vestíase</i> <i>vestiámonos</i> <i>vestiádesvos</i> <i>vestíanse</i> | <i>vestireime</i> <i>vestiraste</i> <i>vestirase</i> <i>vestirémonos</i> <i>vestirédesvos</i> <i>vestiranse</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>vístete</i> <i>vestídevos</i> | <i>que me vista</i> <i>que te vistas</i> <i>que se vista</i> <i>que nos vistamos</i> <i>que vos vistades</i> <i>que se vistan</i> | <i>vestíndose</i> | <i>vestido</i> |

Case todos os verbos desta conxugacion tenen unha alternancia de vogais –e/i–

Dar

| Indicativo | | | |
|---|--|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>dou dás dá damos dades dan</i> | <i>din / dei deches deu demos destes deron</i> | <i>daba dabas daba dabamos dabades daban</i> | <i>darei darás dará daremos daredes darán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>dá dade</i> | <i>de deas dea deamos deades dean</i> | <i>dando</i> | <i>dado</i> |

Estar

| Indicativo | | | |
|---|---|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>estou estás está estamos estades están</i> | <i>estiven estiveches estivo estivimos estivestes estiveron</i> | <i>estaba estabas estaba estabamos estabades estaban</i> | <i>estarei estarás estará estaremos estaredes estarán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>está (estate) estade</i> | <i>estea esteas estea esteamos esteades estean</i> | <i>estando</i> | <i>estado</i> |

Observese que a 2PS do preterito ten –e– en vez de –i– (cfr. *comiches*): *estiveches*. Isto é normal nos preteritos irregulares.

Facer

| Indicativo | | | |
|----------------|-----------------|---------------------|----------------|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>fago</i> | <i>fixen</i> | <i>facía</i> | <i>farei</i> |
| <i>fas</i> | <i>fixeches</i> | <i>facías</i> | <i>farás</i> |
| <i>fai</i> | <i>fixo</i> | <i>facía</i> | <i>fará</i> |
| <i>facemos</i> | <i>fixemos</i> | <i>faciamos</i> | <i>faremos</i> |
| <i>facedes</i> | <i>fixestes</i> | <i>faciades</i> | <i>faredes</i> |
| <i>fan</i> | <i>fixeron</i> | <i>facían</i> | <i>farán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>fai</i> | <i>faga</i> | <i>facendo</i> | <i>feito</i> |
| | <i>fagas</i> | | |
| | <i>faga</i> | | |
| | <i>fagamos</i> | | |
| <i>facede</i> | <i>fagades</i> | | |
| | <i>fagan</i> | | |

Haber

| Indicativo | | | |
|---|---|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>hei</i> <i>has</i> <i>ha</i> <i>habemos</i> <i>habedes</i> <i>han</i> | <i>houben</i> <i>houbeches</i> <i>houbo</i> <i>houbemos</i> <i>houbestes</i> <i>houberon</i> | <i>había</i> <i>habías</i> <i>había</i> <i>habíamos</i> <i>habiades</i> <i>habían</i> | <i>haberei</i> <i>haberás</i> <i>haberá</i> <i>haberemos</i> <i>haberedes</i> <i>haberán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| – | <i>haxa</i> <i>haxas</i> <i>haxa</i> <i>haxamos</i> <i>haxades</i> <i>haxan</i> | <i>habendo</i> | <i>habido</i> |

A forma impersoal en presente indicativo e hai, equivalente ao portugués *há*, español *hai*, francés *il y a*, catalán *hi ha*. Para o resto de tempos, e sempre a 3PS invariábel: *houbo*, *había*, *haberá*.

Ir

Indicativo

| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
|-------------|---------------|--------------|---------------|
| <i>vou</i> | <i>fun</i> | <i>ía</i> | <i>irei</i> |
| <i>vas</i> | <i>fuches</i> | <i>ías</i> | <i>irás</i> |
| <i>vai</i> | <i>foi</i> | <i>ía</i> | <i>irá</i> |
| <i>imos</i> | <i>fomos</i> | <i>íamos</i> | <i>iremos</i> |
| <i>ides</i> | <i>fostes</i> | <i>iades</i> | <i>iredes</i> |
| <i>van</i> | <i>foron</i> | <i>ían</i> | <i>irán</i> |

| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
|------------|--|---------------------|------------|
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>vai</i> | <i>vaia</i> <i>vaias</i> <i>vaia</i> | <i>indo</i> | <i>ido</i> |
| <i>ide</i> | <i>vaiamos</i> <i>vaiades</i> <i>vaian</i> | | |

Podar

| Indicativo | | | |
|--|--|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>podo podes pode podemos podedes poden</i> | <i>puiden puidesches puido puidemos puidestes puideron</i> | <i>podía podías podía podíamos podíades podían</i> | <i>poderei poderás poderá podaremos poderedes poderán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| – | <i>poida poidas poida poidamos poidades poidan</i> | <i>podendo</i> | <i>podido</i> |

Pór ~ Poñer

| Indicativo | | | |
|--|---|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>poño</i> <i>pos</i> <i>pon</i> <i>pomos/poñemos</i> <i>pondes/poñedes</i> <i>poñen</i> | <i>puxen</i> <i>puxeches</i> <i>puxo</i> <i>puxemos</i> <i>puxestes</i> <i>puxeron</i> | <i>puña/poñía</i> <i>puñas/poñías</i> <i>puña/poñía</i> <i>puñamos/poñiamos</i> <i>puñades/poñiades</i> <i>puñan/poñían</i> | <i>porei/poñerei</i> <i>porás/poñerás</i> <i>porá/poñerá</i> <i>poremos/poñeremos</i> <i>pordes/poñeredes</i> <i>porán/poñerán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>pon</i> <i>ponde/poñede</i> | <i>poña</i> <i>poñas</i> <i>poña</i> <i>poñamos</i> <i>poñades</i> <i>poñan</i> | <i>pondo/poñendo</i> | <i>posto</i> |

Querer

| Indicativo | | | |
|--|---|---|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>quero</i> <i>queres</i> <i>quere</i> <i>queremos</i> <i>queredes</i> <i>queren</i> | <i>quixen</i> <i>quixeches</i> <i>quixo</i> <i>quixemos</i> <i>quixestes</i> <i>quixeron</i> | <i>quería</i> <i>quería</i> <i>quería</i> <i>queríamos</i> <i>queriades</i> <i>querían</i> | <i>quererei</i> <i>quererás</i> <i>quererá</i> <i>quereremos</i> <i>queredes</i> <i>quererán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>quere</i> <i>queredede</i> | <i>queira</i> <i>queiras</i> <i>queira</i> <i>queiramos</i> <i>queirades</i> <i>queiran</i> | <i>querendo</i> | <i>querido</i> |

Saber

| Indicativo | | | |
|---|---|--|--|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>sei sabes sabe sabemos sabedes saben</i> | <i>souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon</i> | <i>sabía sabías sabía sabíamos sabiades sabían</i> | <i>saberei saberás saberá sabermos saberedes saberán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>sabe (has saber) sabede</i> | <i>saiba saibas saiba saibamos saibades saiban</i> | <i>sabendo</i> | <i>sabido</i> |

Ser

| Indicativo | | | |
|---|--|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>son</i> <i>es</i> <i>é</i> <i>somos</i> <i>sodes</i> <i>son</i> | <i>fun</i> <i>fuches</i> <i>foi</i> <i>fomos</i> <i>fostes</i> <i>foron</i> | <i>era</i> <i>eras</i> <i>era</i> <i>eramos</i> <i>erades</i> <i>eran</i> | <i>serei</i> <i>serás</i> <i>será</i> <i>seremos</i> <i>seredes</i> <i>serán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>sé</i> <i>sede</i> | <i>sexa</i> <i>sexas</i> <i>sexa</i> <i>sexamos</i> <i>sexades</i> <i>sexan</i> | <i>sendo</i> | <i>sido</i> |

Ter

| Indicativo | | | |
|--|---|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>teño</i> <i>tes</i> <i>ten</i> <i>temos</i> <i>tendes/tedes</i> <i>teñen</i> | <i>tiven</i> <i>tiveches</i> <i>tivo</i> <i>tivemos</i> <i>tivestes</i> <i>tiveron</i> | <i>tiña</i> <i>tiñas</i> <i>tiña</i> <i>tiñamos</i> <i>tiñades</i> <i>tiñan</i> | <i>tereí</i> <i>terás</i> <i>terá</i> <i>teremos</i> <i>teredes</i> <i>terán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Imperativo | Infinitivo | Xerundio | Participio |
| <i>ten</i> <i>te(n)de</i> | <i>teña</i> <i>teñas</i> <i>teña</i> <i>teñamos</i> <i>teñades</i> <i>teñan</i> | <i>tendo</i> | <i>tido</i> |

Observese que a 2PS do preterito *ten* –e– en vez de –i– (cfr. *comiches*): *tiveches*. Como xa foi dito, isto é normal nos preteritos irregulares.

Ver

| Indicativo | | | |
|--|--|--|---|
| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
| <i>vexo</i> <i>ves</i> <i>ve</i> <i>vemos</i> <i>vedes</i> <i>ven</i> | <i>vin</i> <i>viches</i> <i>viu</i> <i>vimos</i> <i>vistes</i> <i>viron</i> | <i>vía</i> <i>vías</i> <i>vía</i> <i>viamos</i> <i>viades</i> <i>vían</i> | <i>verei</i> <i>verás</i> <i>verá</i> <i>veremos</i> <i>veredes</i> <i>verán</i> |
| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>ve (mira)</i> <i>vede</i> | <i>vexa</i> <i>vexas</i> <i>vexa</i> <i>vexamos</i> <i>vexades</i> <i>vexan</i> | <i>vendo</i> | <i>visto</i> |

Vir

Indicativo

| Presente | Pretérito | Copretérito | Futuro |
|--|--|--|---|
| <i>veño</i> <i>vés</i> <i>vén</i> <i>vimos</i> <i>vides/vindes</i> <i>veñen</i> | <i>vin</i> <i>viñeches</i> <i>veu</i> <i>viñemos</i> <i>viñestes</i> <i>viñeron</i> | <i>viña</i> <i>viñas</i> <i>viña</i> <i>viñamos</i> <i>viñades</i> <i>viñan</i> | <i>virei</i> <i>virás</i> <i>virá</i> <i>viremos</i> <i>viredes</i> <i>virán</i> |

| Imperativo | Subxuntivo | Formas non persoais | |
|--|--|---------------------|-------------|
| Presente | Presente | Xerundio | Participio |
| <i>ven</i> <i>vi(n)de</i> | <i>veña</i> <i>veñas</i> <i>veña</i> <i>veñamos</i> <i>veñades</i> <i>veñan</i> | <i>vindo</i> | <i>vido</i> |

As forma *vés* e *vén* tenen vogal aberta [ɛ], para se distinguiren de *ti ves* e *eles ven* do verbo *ver*, que tenen [e]

Formas non persoais

- Trátase do infinitivo, xerundio e participio.
 - O infinitivo remata segundo as conxugacións en:
 - – **ar**: primeira conxugación (I)
 - – **er**: segunda conxugación (II). Tamén pertence a segunda o verbo *pór*, que convive con *poñer*.
 - – **ir**: terceira conxugación (III).
 - O xerundio ten estas terminacións:
 - – **ando** (I)
 - – **endo** (II)
 - – **indo** (III)
 - O participio remata en:
 - – **ado** (IC)
 - – **ido** (II, III)

Poren, existen formas de participio irregulares que non se adaptan as terminacións anteriores: *facere* > *feito*, *dicere* > *dito*, etc

Deber + INF

- É unha construción moi frecuente usada para expresar algo que pode acontecer, mesmo para expresar obrigacións leves.

- *Ese ruído de fóra deben ser os paxaros.*
- *Debes ter máis coidado co que comes.*

- Para indicar consellos, usase a forma de condicional:

- *Deberías ir máis amodo*
- *Deberíamos chegar antes*

| |
|-------------------|
| <i>debería</i> |
| <i>deberías</i> |
| <i>debería</i> |
| <i>deberíamos</i> |
| <i>deberíades</i> |
| <i>deberían</i> |

Estar a + INF / estar + XER

- E unha construción moi frecuente usada para indicar accións do momento.
- Podese usar tanto ***estar a*** + INF coma ***estar*** + XER. Nos recomendamos, poren, a segunda construción coma preferente.
 - *A miña irmá está a estudar un exame agora.*
 - *Que estás a facer? Nada, só estou a ver a tele.*
 - *Está a chover ás cuncadas por aquí.*

Haber+ INF

- É unha construción moi frecuente usada para indicar futuro xunto cunha lixeira obrigación as veces:
 - *Hei mudar as rodas do auto.*
 - *Has contarme outra vez esa historia, neno.*

Ir + INF

- E unha construción moi frecuente usada para indicar futuro:
 - *Vou visitar os meus parentes esta fin de semana*
 - *As obras van comezar en setembro*
 - *Algúns de vós ides ter problemas con este xefe novo.*

Ter que + INF

- E unha construción moi frecuente usada para indicar obriga:
 - *Teñen que estar loucos para iso.*
 - *Terás que pedirle escusas.*
 - *Teño que estudar isto para o exame.*

Adverbios e conectores

Lugar

- Interrogadores:
 - *Onde*
 - *Onde estás?*
 - *Onde viven?*
- Adverbios:
 - *Aquí, aí, alí*, marcando tres graos, coma os demostrativos *este, ese, aquel*
 - *Gústame o clima de aquí, pero ti prefires o de alí*
 - *Diante vs. detrás*
 - *Os teus amigos van aí diante, mais os teus pais están detrás.*
 - *Preto vs. lonxe*
 - *Esa rúa cae preto, mais non sei exactamente onde.*
 - *Enriba vs. embaixo*
 - *Eu gardo o meu auto embaixo, no garaxe.*

Lugar

- Preposicións:
 - *En*: a máis xeral
 - *Estou na cama*
 - *Estamos de vacacións en Roma*
 - *Diante de* vs. *detrás de*
 - *Vémonos diante da porta da escola.*
 - *Preto* vs. *lonxe*
 - *Xoán vive lonxe do centro.*
 - *Enriba de* vs. *embaixo de*
 - *Caeu un tronco enriba do meu tellado*
- Conectores
 - *Onde*
 - *Onde vives hai moita xente*
 - *Espérame onde ti xa sabes*

Tempo

- Interrogadores:

- *Cando*

- *Cando chegaches?*
- *Cando choverá?*

- Adverbios:

- *Agora*

- *Agora non teño moito tempo para falar.*

- *Antes vs. despois*

- *Antes había menos tránsito polas rúas*

- *Xa*

- *Xa chegaron todos os convidados á festa.*

- *Logo*

- *Iso heicho explicar logo.*

- *Daquela* (introduce ademais parágrafos e oracións, conectando con algo dito anteriormente). Equivale a *entón*.

- *Daquela, chamaron á*

porta con violencia.

- *Onte – hoxe – mañá*

- *Onte estiven en Santiago, mais hoxe estou en Ourense.*

- *Axiña*

- *Non chés, termino axiña.*

Tempo

- Preposicións:
 - *En*: a máis xeral
 - *En xaneiro vai unha friaxe mortal*
 - *Na primavera aínda nevará algo*
 - *No Nadal xuntámonos toda a familia.*
 - *A*: só para as horas e momentos do día
 - *Vémonos ás nove.*
 - *Á tarde fará moito frío*
 - *De*: opcional para días da semana e momentos do día
 - *Chegaron de mañá*
 - *De sábado tráennos a lavadora.*
 - *Antes de* vs. *despois de*
 - *Antes da carreira temos que revisar as gomas.*


Tempo

- Conectores
 - *Cando*
 - *Cando queiras, imos á praia*
 - O xerundio (expresión de simultaneidade), a miúdo *en* + XER.
 - *En saíndo da casa, atopei o Pedro.*

Frecuencia

- Interrogadores
 - *Cantas veces*
 - Cantas veces vas ao cine?

- Adverbios (da máxima á mínima frecuencia)



Dirección

- Interrogadores:
 - *Onde*, que pode ser reforzado con *para onde*.
 - *Onde irás esta fin de semana?*
 - *Para onde foron os outros?*
- Adverbios: moi decote reforzados coa preposición *para*.
 - *Acó vs. aló*, propios da metade norte alternan no sur coas formas *acá, alá*.
 - *Ven (para) acó, que che vou mostrar algo.*
 - *Adiante vs. atrás*
 - *Imos (para) adiante*

Dirección

- Preposicións:
 - *A*: en dirección a
 - *Mañá vou á festa dos antigos alumnos da escola.*
 - *Para*: indica unha dirección máis específica, cun rumbo concreto ca *a*.
 - *Fomos para o sur, porque alí facía menos frío.*
 - *De*: procedencia
 - *Veñen de Barcelona*
 - *Por*: indica
- Conectores
 - *Onde*, reforzado con *por onde*, *de onde*, *para onde*.
 - *A xente pasa por onde se pode pasar*
 - *Podemos ir para onde queiras.*

Modo

- Interrogador
 - *Como*
 - *Como se fai iso?*
 - *Como aprendiches ruso?*
- Adverbios
 - *Así*
 - *As cousas non se fan así*
 - *Deste xeito, deste modo, desta maneira*
 - *Facendo as cousas deste xeito, non resolveremos nada.*
- Conectores
 - *Como*
 - *Sempre podemos facer as cousas como nós queremos*

Causa

- Interrogador
 - *Por que*
 - *Por que andas triste?*
- Conectores
 - *Porque*
 - *Porque teño un grave problema.*

Área de filoloxía galego- portuguesa. UNED

